
SEQUITUR

JULIA HUETE

Dende hai tempo Julia Huete vén explorando o tecido tendo en conta as implicacións deste material e as súas características plásticas. Nos anos 2020 e 2021 tivo a oportunidade de traballar con artesáns. Contou co apoio no proxecto de firmas galegas de artesanía como Belategui Regueiro, cos que traballa de novo para esta intervención, que lle facilitaron o acceso aos seus talleres e unha aprendizaxe que lle permitiu profundar no coñecemento de materiais, métodos e procesos.

No verán de 2021 tivo unha residencia en León, Guanajuato (México), cidade cunha forte industria de calzado. Investigando sobre os procesos de produción atopou que o cartón está presente en varias fases de case calquera tipo de fabricación, non só de roupa, e especialmente na distribución. O cartón das caixas é un material que, pensado para protexer e clasificar, resulta ser en realidade delicado e difícil de manipular sen que se estrague pero que co trato adecuado pode resultar incluso un elemento de gran resistencia estrutural. Remata o ano de residencia cun proxecto que traballa sobre estes materiais menos nobres que a la, o liño ou a madeira como son o cartón e o tecido sintético, reflexionando sobre a xerarquía de valor que lle outorgamos aos materiais e aos procesos.

Na intervención da Zona C continúa a desenvolver esta liña de traballo.

Primeiro andar sala 1

O elemento de montaxe central desta sala, unha mesa de tipo taboleiro con cabaletes, outorga ao conxunto das pezas un ton de certa provisionalidade, coma se ofrecésese unha vista dunha mesa de estudo. Os materiais son teas, cartón, madeira e escaiola, combinados de diferentes modos (escaiola cubrindo cartón, madeira e tea, volumes de cartón, amoreamentos, teas como soportes e teas como fundas). As fotografías de Mariña Pérez, pola súa banda, achegan unha visión do tecido desde a imaxe, engadindo contexto e sobre todo sumando a presenza dun ollo amigo no proceso de creación individual. (Coa colaboración de FINSA)

Primeiro andar sala 2

O concepto do que parte o proxecto, tecido e proceso, está presente en todos os espazos. Neste caso móstrase no chan un resto de tea coas marcas de corte que foi sufrindo ao longo do tempo e restos doutros traballos. Os ovos de madeira están colocados a modo case de topografía no chan e de almacenamento na estrutura de carballo que foi deseñada e pensada, en inicio, para ser cuberta.

Segundo andar sala 1

Atopamos neste espazo o punto de partida do proxecto. Inspiradas nas formas dos cortes para roupa, estas figuras son encargadas aos artesáns Belategui Regueiro. Elaboradas en tear con la con esa mesma forma, sen cortes, as formas simples adquiren moita máis información. Contrastan na súa presentación co soporte elixido que é cartón corrugado.



Compostela
Cultura

Segundo andar sala 2

Neste espazo fíxose convivir e contrastar formas similares en procesos manuais como é o terceiro dos tapices de Belategui Regueiro cos volumes en cartón. Os ovos de madeira volven estar presentes no armario.

Julia Huete naceu en 1990 en Ourense. Graduouse en Belas Artes na Universidade de Vigo, onde tamén fixo o máster e participou en programas de intercambio coa Fbaup (Porto) e coa UDG (Guadalajara, México). O seu traballo como artista profesional comeza pola aparición en diferentes certames e concursos como Xuventude Crea, Novos Valores ou Isaac Díaz Pardo e con galardóns no Premio para Artistas Novos do Auditorio de Galicia, no Concurso de Pintura da Universidade de Vigo ou no Certame de Artes Plásticas da Deputación de Ourense. Destaca o seu paso pola Real Academia de España en Roma, onde foi beneficiaria dunha bolsa de creación no curso 2018-2019, e a participación no programa de Residencias CHARCO durante este ano en León, México. ARCO 2021. Actualmente vive entre Galicia e Roma e realiza estudos de doutoramento na Universidade de Vigo vinculados á súa práctica / www.juliahuete.com

Sequitur

14 de decembro 2022 - 11 de febreiro 2023

Zona C • de martes a sábado • 11 a 14 e 16 a 19 h

Pechada o 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro

COMPOSTELA CULTURA

compostelacultura.gal

FB: CompostelaCultura | IG: CompostelaCultura

TW: CCultura | YOUTUBE: CompostelaCulturaTV

AUDITORIO DE GALICIA
TEATRO PRINCIPAL
ZONA C. PUNTO DE
INFORMACIÓN CULTURAL

